

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Espírito Santo de Fontarón

A igrexa parroquial de Fontarón, concello de Becerreá (Lugo), está dedicada ao Sancti Spiritus. Cóntase que cando se erixiu o templo, a escultura da pomba que hoxe podemos ver xunto á entrada marchaba para o lugar onde estivera sempre, unha antiga capela hoxe en día desaparecida. A única maneira de que permanecese na igrexa foi derrubando a ermida.

Cóntase que tamén había un santo, procedente da citada ermida, que facía o mesmo. Para que non liscara, o cura dixo que o único xeito de que quedara na igrexa era ofrecerlle cartos á imaxe.

[Texto remitido por Xabier Moure Salgado. Xuño de 2016]

COMENTARIOS ENVIADOS

Creo que la pequeña capilla entre las aldeas de o Lago e Pedrelada (aún existen los cimientos) llamada Sancti Spiritus fué el origen de la iglesia de Fontarón.

Enviado por Mv o 15/10/2017 ás 19:18:20

